

Manuel Puente

Buenos Aires Xaneiro 10 de 1962

Sr. Don
Luis TOBIO

MONTEVIDEO

Meu querido amigo:

Recibín onte a sua carta -22 Nadal con un retraso enorme.-

Aproveito a ida a esa do noso bon amigo Prada no dia de mañana para mandarlle o orixin-al do traballo de X.Lorenzo referente :

OS PRODUCTOS DO MAR", eu non teño copias das cuartetas feitas a máquina po lo que non podo saber o que corresponde os Nos.66 a 68-por eso lle envio todo o traballo -rougandolle o conserve porque me gusta garda~~Xlo~~.

Dentro de úns días lle mandarei copia das cartas que farei a Del Riego e Don Ramón.-

En canto a O Mapa Xeral de Galiza xa está pedido a Madrid e Ud verá si conven ou non agardar por el.-

Alégrome que a impresión estea tan adiantada,doume perfecta conta do enorme traballo que siñificou para vostede por en órden os orixinás e todo o demais de clichés etcétera; O desorden nos orixinás non foi por falta das nosas recomendacións,que chegamos a pedirlle se poxeran da cordo,na unificación do idioma etcétera, e~~A~~ de esperar que con la dirección de Del Riego os futuros traballos veñan como corresponde .-

O meu sobriño tróouxome a mayor parte das fotografías - cando non precise as poucas que quedaron ahí rógolle enviarmas para devovelas.-

Con moitos saudos dós amigos de aquíme con augurios de un bó ano 1962-para vostede e familia reciba uha aperta do seu amigo e ,

S S S

Agardete